

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Sarria para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Expediente: N.9.Q/720/22

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2023.

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No escrito presentado pola reclamante, esencialmente expón como motivo da súa queixa a falta de resposta a un escrito presentado, xunto con outros veciños, no Concello de Sarria, en data 19 de abril de 2019.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que xa nolo remitiu e no que pon de manifesto o seguinte:

O día 11 de abril de 2019 presentouse na oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello de Sarria escrito asinado por veciños do lugar de Mundín, parroquia de Lier, municipio de Sarria, escrito poñendo en coñecemento do Concello "...as condutas lesivas para os nosos intereses e bens que causa XXX fillo de dona XXX, propietaria dunha casa e fincas no lugar", consistentes de forma resumida en "...abrir camiños sen permiso a través das fincas dos veciños...", "...No camiño que vai de Lier a Mundín e Veiga de Reiriz [...] tirou a medio do camiño xestas que cortou no valado atrancando o paso..." e "...atranca o camiño público que vai de Mundín a Lier..."

O día 16 de maio de 2019 emitíuse informe polos axentes da Policía Local de Sarria relativo ao citado escrito, no que, entre outros aspectos, informan que o antigo camiño a pé de Mundín a Barxa e Perros foi ampliado polo denunciado e cortado con dúas estacas de formigón e cordón; que o camiño de Lier a Veiga de Reiriz foi enchido e ampliado para acceder ás fincas do denunciado; que sería necesario comprobar a ubicación e propiedade dos camiños indicados, e que todos esos feitos, e outros, están denunciados no Xulgado de Sarria (Dilixencias Previas n.º 56/2018).

O día 24 de marzo de 2022 tivo entrada no Rexistro do Concello de Sarria escrito da Valedora do Pobo no que requiría ao Concello información sobre o problema que motivou a queixa.

O día 29 de abril de 2022 tivo entrada no Rexistro do Concello de Sarria escrito da Valedora do Pobo no que requiría ao Concello a remisión de informe sobre a queixa relativa ao expediente (N.9.Q/720/22)

O día 1 de xuño de 2022 tivo entrada no Rexistro do Concello de Sarria escrito da Valedora do Pobo no que requiría ao Concello a remisión de informe sobre a queixa relativa ao expediente (N.9.Q/720/22)

O día 14 de decembro de 2022 emitíuse informe pola Policía Local de Sarria relativo aos camiños obxecto do escrito de queixa, no que se informa que os camiños están en similares condicións que as sinaladas no informe do ano 2019, só que con máis maleza no seu entorno no camiño de Lier a Veiga de Reiriz.

Sendo certo que os artigos 44 e seguintes, e 70 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, permiten ás Corporacións Locais recobrar por si a tenza dos seus bens de dominio público en calquera tempo, non o é menos que existe unha liña xurisprudencial uniforme que considera que o pronunciamento sobre a titularidade dun ben corresponde á orde xurisdiccional civil.

A modo de exemplo:

TSJ Galicia (Contencioso), S 22-06-2000, n° 95812000, rec. 493111997

El resultado es que está muy lejos de estar acreditado el carácter de dominio público del camino en cuestión , que es el único que al amparo del artículo 4° de la Ley de Bases del Régimen Local (EDL 1985/8184), y de los artículos 44 y siguientes y 70 y siguientes del Reglamento de Bienes permitirían al Ayuntamiento su recuperación de oficio en cualquier tiempo; por el contrario, discutida su propiedad, es el orden jurisdiccional civil el competente para declararla, pero no por la vía interdicta!, sino en el juicio plenario declarativo, al que podrán acudir las partes si lo juzgan oportuno.

TSJ Galicia (Contencioso), sec. 2º, S 05-03-2009, n° 25812009, rec. 440112007

Con carácter previo a la resolución del recurso es preciso hacer hincapié en una circunstancia que, aunque no discutida por ninguna de las partes, es preciso tener presente y es que como recuerda la St. del TSJ de Extremadura en la St. de 15 de abril de 2002 (Ref. el derecho

2002/27541 EDJ 2002/27541) en un caso en el que se recurría la inactividad municipal por falta de inclusión de un bien en el inventario municipal"...Para resolver la cuestión litigiosa, primeramente, debemos señalar que existe una línea jurisprudencial uniforme que por conocida no es necesario reseñar que considera que el pronunciamiento sobre la titularidad de un bien corresponde al orden jurisdiccional civil ; la jurisprudencia contencioso-administrativa se muestra especialmente rigurosa en todos aquellos asuntos en los que está implicada una cuestión de propiedad, puesto que la propiedad es la cuestión civil por excelencia. Es por ello, que a pesar de la amplitud de las alegaciones efectuadas por las partes y de la prueba practicada, sigue faltando un pronunciamiento jurisdiccional que determine la titularidad de la vereda discutida, pronunciamiento que no corresponde realizar a este orden jurisdiccional, sino que tienen que ser los Juzgados y Tribunales civiles ..., lo discutido es si la vereda es o no un camino público o existe una servidumbre de paso, siendo competencia de los Juzgados y Tribunales del orden civil pronunciarse dicha cuestión...

No inventario de bens e dereitos do Concello de Sarria non figuran os camiños públicos no epígrafe 1.3 (infraestruturas uso público), polo que o criterio que se está a seguir desde sempre, en supostos como o que nos ocupa, é proceder á defensa dos bens da entidade cando non existe a máis mínima dúbida de que se trata de bens de dominio público, e elo tomando conxuntamente as seguintes circunstancias:

Que os camiños figuren reflexados nos planos relativos á normativa urbanística, estando vixentes en Sarria as normas subsidiarias de planeamento aprobadas definitivamente o 15 de xullo de 1981, modificadas para a súa adaptación á LAGSA o 30 de xullo de 1986 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 13 de decembro de 1986, con modificación publicada no BOP o 31/12/2005 e modificación sobre alturas por oden do 17/11/2013 publicada no DOGA o 16/12/2013, polo que se trata dun planeamento non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Que os camiños figuren reflexados na planimetría do Catastro.

Con todo, o feito de figurar nos planos catastrais non sempre resulta indicativo de que se trate de bens de dominio público, por admitir proba en contrario, como nos ten recordado, a modo de exemplo, o TSX de Galicia, na seguinte sentenza:

TSL Galicia 8 Contencioso), Sec 4º, S 09072020, nº 346/2020, rec 15330/2018

En cuanto al inmueble catastrado como camino público la solución ha de ser —1.1 distinta [...] dado que el técnico del Concello no puede informar si es público o privado aunque si certifica que no aparece inventariado y que se posibilitó la audiencia del mismo sin que hubiera

formulado alegaciones, a la vista de sentencia judicial aportada y plano adjunto procede estimar la pretensión ejercitada respecto del mentado inmueble, al haberse acreditado que en cuanto al trayecto que fija la citada sentencia no tiene tal carácter, al responder a una servidumbre de paso a favor de la finca NUM001, predio dominante en el juicio civil referenciado, tal y como evidencian los planos obrantes en autos U.]

No caso que nos ocupa ningún dos camiños figura reflexado nos planos relativos á normativa urbanística.

No que respecta ao "antigo camiño a pé de Mundín a Barxa e Perros" tampouco aparece reflexado na planimetría catastral.

No que respecta ao camiño de Lier a Veiga de Reiriz, aínda que aparece reflexado na planimetría do Catastro, na fotografía n.º 3 do informe da Policía Local do ano 2019 apréciase no seu trazado abundante maleza indicativa do seu desuso, confirmado no informe emitido en decembro de 2022, desuso que por suposto non determinaría a súa perda da condición de ben de dominio público, de ser o caso, condición que, con todo, non pode ser acreditada polo Concello de Sarria, ao non figurar no inventario municipal nin na planimetría urbanística.

Sendo obxecto de actuacións por parte do Xulgado de Sarria os feitos obxecto do escrito de queixa ante a Valedora do Pobo, e non podendo acreditar de feito indubitado o Concello de Sarria que os camiños teñen a condición de bens de dominio público, o criterio seguido por este Concello é que calquera outra actuación sobre os mesmos requiriría de pronunciamentos previos dos órganos competentes da xurisdicción civil sobre a titularidade dos citados camiños.

Tendo en conta o exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que implica a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

En calquera caso a **Administración está obrigada a responder** ao cidadán que acode a ela debendo ofrecerlle **unha resposta por escrito** que ademais sexa unha **reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma** adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, **con prontitude e sen demoras inxustificadas**.

SEGUNDA.- Aínda que dende ese concello nos remiten unha información detallada sobre o fondo do asunto da queixa non debemos esquecer que o motivo da queixa presentada pola reclamante é a falta de resposta a un escrito presentado, xunto con outros veciños, no Concello de Sarria, en data 19 de abril de 2019.

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Sarria o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela

actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)